

Cúmprense 250 anos da morte de B. J. Feijoo. Un ourensán que cos seus escritos contribuíu, coma poucos, a que os alentos da modernidade comezasen a chegar a España. Os homes da Ilustración española e galega considerárono sempre como un dos seus principais referentes, pero tamén nos séculos seguintes o seu pensamento foi sempre motivo de estímulo e de reflexión sobre as dificultades que os movementos renovadores tiveron neste país.

Galicia e, sobre todo, Ourense tivérano como un dos seus fillos más eminentes e Castelao situouno, xunto a Sarmiento, no cortexo de galegos inmorredoiros de *Alba de Gracia*. Rúas e prazas hónranse co seu nome e os escritores galegos más sensibles á necesidade de que o progreso e as luces chegasen a esta terra, coma Curros, vírono sempre como un dos seus.

Moito se ten escrito e reflexionado sobre a obra do Mestre B. J. Feijoo, pero cada época ten o seu propio xeito de considerar as cousas e, mesmo, de reinterpretar a súa historia. Por iso, o século XXI, coas súas convulsións e cambios, pode e debe, tamén, volver ollar coa súa particular circunstancia o pensamento e a época de Feijoo.

## PROGRAMA

Xoves, 9 de outubro de 2014

### MAÑÁ

10:00 h. INAUGURACIÓN

10:30 h. **PRESENZA DE FEIJOO EN GALICIA**

*Francisco Díaz-Fierros Viqueira. Consello da Cultura Galega e Universidade de Santiago de Compostela*

11:30 h. PAUSA

12:00 h. **VIXENCIA ACTUAL DO PENSAMENTO XURÍDICO-SOCIAL DE FEIJOO**

*Luis Rodríguez Ennes. Universidade de Vigo*

13:00 h. **FEIJOO NOS INICIOS DA HISTORIOGRAFÍA DA CULTURA**

*Inmaculada Urzainqui. Universidad de Oviedo e Instituto Universitario Feijoo de Estudios del Siglo XVIII*

### TARDE

17:00 h. **A OLLADA CRÍTICA SOBRE A OBRA E FEIJOO DE DÚAS INTELECTUAIS GALEGAS: CONCEPCIÓN ARENAL E EMILIA PARDO BAZÁN**

*Xosé Ramón Barreiro Fernández. Real Academia Galega*

18:00 h. **UNHA SEGUNDA ILUSTRACIÓN NO SÉCULO XXI?**

*Antonio Lafuente. Instituto de Historia, CSIC*

19:00 h. PECHÉ